



VOTO PARTICULAR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA ÁS BASES DE PLANO DE FINANCIAMENTO DE 10 DE DECEMBRO

En relación coa proposta presentada de bases de Plano de Financiamento do Sistema Universitario Galego (SUG), a UDC reitera o seu desacordo cos seguintes aspectos fundamentais:

- A diagnose do SUG de que se parte é incompleta e, sobre todo, esguellada. En particular, omítese calquera referencia á xestión económica realizada ata aquí polas universidades, aspecto esencial cando se está a falar de políticas de sustentabilidade.
- Non se incorpora mecanismo ningún de compensación dos desequilibrios históricos en financiamento e en infraestruturas. Nin sequera hai unha descrición deles. Isto provoca que calquera avaliación de resultados, coa que estamos de acordo, resulte viciada de raíz polas diferenzas existentes en canto a medios dispoñibles para alcanzalos.
- No referente á distribución do financiamento entre as universidades galegas, as porcentaxes de reparto históricas, anteriores a 2005, non soamente se reproducen en 2011 –con diferenzas dun par de décimas–, senón que se perpetúa a súa vixencia ata 2015, ano en que o 80% do financiamento estrutural aínda continuaría condicionado pola situación anterior. Como resulta obvio, esta circunstancia perpetúa e mesmo reforza os actuais desequilibrios do sistema.

Malia o anterior, a Universidade da Coruña manifesta a intención de manter unha posición activa e construtiva nas negociacións pendentes, en prol de acadar o acordo máis equilibrado posible.